

# O CAZATESOUROS

- ¡Capitán! ¡Capitán! Atopamos este diario no interior da pirámide, quizais nos desvele algo sobre estas misteriosas mortes.

- Moi ben, Joe, imos lelo. Ah, por certo, é vostede un bo axente de policía.

**Diario de Robert Masterson, 2 de outubro de 1990**


Atópome a bordo dun avión con destino a Brasil. Ó meu carón viaxa a miña fermosa axudante e compañeira, Sydney Owens. Dirixímonos á selva amazónica na busca dunha estatua de ouro que se atopa, segundo un pergamiño que teño no meu poder, no interior dunha pirámide moi antiga, pero nós estamos dispostos a recuperala.

**Diario de Robert, 3 de outubro de 1990**

Xa estamos no Brasil, máis concretamente en Brasília, a súa capital. Sydney, que por certo, cada día está máis guapa, mais eu imos coller unha avioneta para que nos leve ata a pirámide. Unha vez alí, como non poderá aterrar, tiráremos en paracaídas.

Atópome fronte a pirámide. A aterraxe foi un éxito, aínda que non para Sydney, porque rachou a chaqueta e a camiseta e está algo enfadada. Pero a min encántame o seu aspecto agora que quitou a chaqueta e a camiseta marca a súa silueta. Estase facendo de noite, así que decidimos acampar aquí e entrar mañá na pirámide.

Estou moi contento, xa que como só trouxemos unha tenda de campaña, Sydney mais eu compartíremola..



Intres

47

Febrero 2005

**Diario de Robert, 4 de outubro de 1990**

A noite foi marabillosa. Agora dispoñémonos a entrar na pirámide. Avanzamos ata onde se supoñía que debería estar a entrada, pero alí só había unha grande lousa de pedra. Sydney dixo que debería haber algún mecanismo que abrise a porta e púxose a tantear as paredes. Está moi guapa coa súa camiseta axustada e o seu pantalón caqui.

Por fin espertei, todo está moi escuro e acendín a miña lanterna. Parece que Sydney accionou algún mecanismo e o chan abriuse ante os nosos pés. ¡Ou, non! Acabo de decatarme de que a miña preciosa compañeira xa non está comigo, ó meu lado só está a súa camiseta e un dos seus zapatos.

Saín daquela habitación na que me atopaba a traveso dun pasadizo secreto que atopei nunha das paredes. Agora atópome nun gran corredor e logro ver e escribir grazas á luz da miña lanterna. Atopei o outro zapato de Sydney, e xunto a el unha pegada que sería o dobre da miña. Estou un pouco asustado e seguindo o rastro das pegadas, que agora son máis profundas, como se quen queira que fose o que deixase esas pegadas cargase con algo ou, tal vez, coa miña querida Sydney. Acaba de pechase o corredor detrás de min cunha gran pedra.